



Sr. Alcalde do Concello de Laracha (A)
Praza do Concello s/n
15145 Laracha (A)
(A Coruña)

Clave: DH.W 15.74360

Expediente: Autorización de obras para vivenda unifamiliar no lugar de Vilar de Fraga parroquia de Soandres (San Pedro), no concello de Laracha (A), (A Coruña).

Solicitante: Miguel Gago Cea

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Miguel Gago Cea, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo periodo.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 12 de marzo de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital ao marxe)





SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Miguel Gago Cea, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras, na parcela de referencia catastral 4178501NH4847N0001FI, no lugar de Vilar de Fraga, parroquia de Soandres (San Pedro), Concello de Laracha (A) (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W 15.74360.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar composta por planta baixa e primeira.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Laracha (A) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 12 de marzo de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital ao marxe)

